

De 9 a
12 anos

5. Protagonistas da nosa Educación

EDUCACIÓN

60'



Materiais necesarios

→ Documento de sistematización do Día da Infancia 2020

→ Cuestionario de propostas por bloques adaptado á idade. **Cuestionario 9-12**

→ Neste caso non será necesario entregar ficha de conclusións. O mesmo cuestionario recompila as propostas a modo de “ficha de conclusións e propostas”



Desenvolvemento

O pasado ano, os grupos participantes no Día da Infancia “Protagonistas da nosa educación”, traballaron en profundidade este tema.

Falaron de moitos temas relacionados co noso dereito a aprender e recibir unha educación de calidade. Para iso, as actividades dividíronse en 5 grandes bloques:

- Barreiras socioeconómicas
- Escolas inclusivas
- Novas metodoloxías educativas
- Participación na contorna educativa
- Violencia e acoso na contorna escolar

E o resultado do traballo dos 224 grupos, preto de 1800 nenos e nenas, que quedou recollido nun documento con 233 propostas concretas.

Para este ano, queremos levar ao informe do Comité estas propostas, pero non podemos copiar e pegar as 233, co que, o que vos propoñemos é un pequeno cuestionario no que poidades elixir aquelas que creedes que son importantes que coñeza o Comité e pregunte a España porque non está a facer todo o que debería.

É unha actividade moi sinxela, que suxerimos que fagades en grupo, de maneira que poida favorecerse o comezo dun proceso participativo, que de pé ao debate para outra das actividades que propoñemos este ano.

Rematado o cuestionario, este mesmo serve como recollida de conclusións e non hai que enviar ningunha ficha complementaria de conclusións.



Se non poden realizarse de maneira presencial ou conectarse en grupo

No caso de que o grupo non poida verse, os materiais compartíronse mediante a modalidade en liña, e o grupo podería conectarse e realizar o cuestionario grupalmente.

Para iso, pode compartir pantalla co grupo e pedirllas que poñan na cámara un obxecto vermello, verde ou laranxa en base ao seu criterio.

Vendo a proposta grupal, facilitará un espazo para que o grupo poida chegar ao consenso sobre se a proposta “pasa ou non pasa”.



Apoio para o equipo educativo

Ningún a considerar.



Conclusións a recoller

- O propio cuestionario serve como recollida de conclusións grupais.
- Prestar atención para que a resposta ao cuestionario represente de maneira grupal.